

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE RABADEIRA

CURSO: 6º

MATERIA: L. CASTELÁ

DEPARTAMENTO:

DATA: 12 DE MAIO DE 2020

Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		2.
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	C. Clave
	COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA	
Comprender, diferenciar e identificar as características das diferentes tipoloxías de textos.	Comprende, diferencia e identifica as características dos textos narrativos, expositivos, argumentativos, fantásticos, poéticos, noticias, anuncios publicitarios, cómics e teatro e as súas partes principais.	CCL CD CPAA CSC SIE
Coñecer e utilizar correctamente os signos de puntuación (... guión, paréntese, punto).	Os signos de puntuación (... guión, paréntese, punto).	CCL CD CPAA
Escribir textos coherentes e cohesivos.	Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado.	CCL CD CPAA CSC SIE
Resumir o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar.	Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar.	CCL CD SIE
Coidar a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.	Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.	CCL CD SIE
Usar axeitadamente o dicionario, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.	Utiliza axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.	CCL CD SIE
Escribir textos usando o rexistro adecuado, organizar as ideas con claridade, enlazar os enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectar as normas gramaticais e ortográficas.	Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	CCL CD CPAA CSC

		SIE
Elaborar correctamente descrições de persoas, animais e obxectos cunha orde axeitada cunha expresión clara e coherente.	Fai descrições de persoas, animais e obxectos cunha extensión mínima de 10 liñas, en orde, utilizando adxectivos axeitados, frases coherentes e claridade na exposición; describindo a parte externa, pero tamén sensacións, sentimentos, gustos sempre que o texto o requira.	CCL CD CPAA CSC SIE
Redactar textos narrativos e fantásticos con coherencia e extensión axeitada .	Redacta textos narrativos e fantásticos con coherencia, extensión axeitada e adaptándose ás características e partes de cada un deles.	CCL CD SIE
Coñecer e utilizar adecuadamente, especialmente as maiúsculas, uso do b/v., uso do j / g, , gue, gui e diérese, uso do h, palabras con ll / i / x.	Coñece e utiliza adecuadamente nas produções escritas as regras de acentuación. As regras ortográficas básicas (maiúsculas, uso do b/v., uso do j / g, , gue, gui e diérese, uso do h, palabras con ll / i / x.	CCL CD SIE
COÑECEMENTO DA LINGUA	COÑECEMENTO DA LINGUA	
Utilizar correctamente as normas de concordancia de xénero e número.	Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión escrita.	CCL CD SIE
Distinguir os adxectivos e indicar o xénero o número e os graos.	Distingue os adxectivos. Indica o xénero o número e os graos.	CCL CD SIE
Distinguir os determinantes artigos, demostrativos, posesivos e numerais.	Distingue os determinantes artigos, demostrativos, posesivos e numerais.	CCL CD SIE
Coñecer os pronomes persoais.	Coñece os pronomes persoais.	CCL CD SIE
Saber analizar nunha forma verbal: persoa, número, tempo, modo, conxugación raíz e desinencia.	Sabe analizar nunha forma verbal: persoa, número, tempo, modo, conxugación raíz e desinencia.	CCL CD SIE
Distinguir os adverbios: Lugar, tempo ...	Distingue os adverbios: Lugar, tempo ...	CCL

		CD SIE
Coñecer as preposicións.	Coñece as preposicións.	CCL CD SIE
Distinguir na oración o suxeito e o predicado cos núcleos	Distingue na oración o suxeito e o predicado cos núcleos	CCL CD SIE
Usar correctamente sinónimos e antónimos e usar prefixos e sufixos.	Usa correctamente sinónimos e antónimos usando tamén prefixos e sufixos	CCL CD SIE
Distinguir palabras primitivas e derivadas e sabe formar familias de palabras e palabras compostas.	Distingue palabras primitivas e derivadas e sabe formar familias de palabras e palabras compostas.	CCL CD SIE

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos:
	Instrumentos:
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Neste contexto, apórtanse moitas actividades de reforzo, e tamén de ampliación daqueles contidos que pola súa natureza permiten seguir sendo impartidos vía telemática (lectura comprensiva, expresión escrita, reflexión e práctica dalgún contido de coñecemento da lingua e educación literaria, etc.).</p> <p>Proposta de diferentes tipos de lecturas (dos libros de texto e outras fontes - pdf, lecturas online, contacontos, libros dixitais, audiolibros, e-books, etc -; así como rematar unha das lecturas pendentes seleccionadas para este curso.</p> <p>Reforzo e ampliación da expresión escrita a través de diferentes tipos de textos (textos expositivos, narrativos, argumentativos, banda deseñada, artigo de opinión, noticias...).</p> <p>Aportación de pequenas tarefas de investigación sobre determinados temas variados de diferenes eidos culturais e/ou científicos e cuxa información recóllese como traballo escrito e/ou a través doutros soportes (ppts, fotos con reseñas, etc.)</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>En xeral, preténdese aplicar unha metodoloxía baseada na comunicación, inclusiva, motivadora, activa e participativa. Inténtase que sexa variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, facendo especial fincapé na a tención á diversidade do alumnado.</p> <p>A finalidade é que o alumnado vaia construíndo a súa propia aprendizaxe, mediante propostas nas que poida recorrer a materiais manipulables e dixitais para descubrir contidos, a través da toma de decisións e a cooperación (nesta situación excepcional, coa familia e profesorado e, en ocasións, entre compañeiros/as por vía telemática).</p> <p>O enfoque pretende ser globalizador, interrelacionando os contidos das diferentes áreas. Fomentase a reflexión e a investigación e a posibilidade de aplicar as aprendizaxes a diversidade de contextos.</p> <p>Asímesmo, adóptanse medidas destinadas á coordinación entre o profesorado para o tratamento de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas.</p> <p>Envío de tarefas moi seleccionadas vía telemática, coas instrucións e explicacións necesarias para o bo desenvolvemento das mesmas. Autocorrección dalgunhas actividades online e no libro dixital, recepción de traballos enviados por correo electrónico ou calquera outro medio escollido polo profesorado - Abalar, Webex, etc-, cun modelo de corrección que presta especial atención á manter un feedback positivo sobre a realización dos mesmos, e aportando os comentarios pertinentes para o seu repaso, revisión, mellora e consolidación do aprendido.</p> <p>O contacto co alumnado é practicamente diario. Mentres que coas súas familias mantense tamén contacto cando se considera que deben estar informadas de calquera asunto de interés. Nestes casos, a vía máis habitual ven sendo Abalar Móbil, aínda que tamén, en ocasións, por correo electrónico.</p>

	<p>Cómpre sinalar que moitos dos enderezos electrónicos do alumnado non son persoais, senón que pertencen ás súas familias, quen son as que habitualmente reciben a información e están, se así o desexan, ao corrente da comunicación que existe entre o profesor/a e os seus fillos/as.</p> <p>Ao alumnado con máis dificultades apórtaselle material de reforzo e recuperación e mantense un seguemento maior co resto do grupo no que respecta ao contacto coa familias.</p> <p>Intercambio de información persoal a través dos correos electrónicos coa finalidade indispensable de favorecer que a situación de confinamento se fixese o máis levadeira e soportable; pero tamén para tratar temas directamente relacionados coa aprendizaxe.</p> <p>Nos casos de alumnado de NEAE, existe unha colaboración estreita entre titor/a e o profesorado de apoio (PT, AL) que lles correspondía durante as clases presenciais.</p>
Materiais e recursos	<p>Selección de materiais e recursos didácticos que, nesta situación excepcional, non só se limitan ao uso dos libros de texto senón que se aporta unha ampla opción de posibilidades de recurrir a distintos recursos dixitais: ordenadores, móbiles e tabletas, vídeos, ppts, enciclopedias dixitais, dicionarios online, museos online, libros dixitais, fotografías, láminas, blogs e webs de tipo educativo así coma outros de tipo cultural e/ou de lecer, etc).</p>

As ferramentas físicas que empregamos para constatar os avances do alumnado son :

Durante este trimestre o profesorado traballa co alumnado de maneira telemática utilizando diferentes medios : a través da plataforma abalar, abalar-móbil, páxina web do colexio, blogues, correo electrónico, webex, libros dixitais con actividades autocorrectoras. Todo isto lévanos a ter un contacto practicamente diario cos nenos e as nenas expoñendo distintos tipos de tarefas da materia, moitas das cales nos son devoltas para a súa corrección, servíndonos tamén de comprobación da realización das mesmas. Outras son de tipo autorreceptor nos libros dixitais, outras de investigación, outras de lecer,... Estas actividades son recibidas a través dos medios empregados por cada profesor/a.

Doutra banda, mantense un contacto continuo coas familias sobre calquera aspecto que consideramos teñen que estar informados.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Blog escolar de titoría. Abalar. Correo electrónico persoal, Web do centro, aula virtual e vidoconferencia.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.